



FORMULARIO SOLICITUD

Nome do título da actividade: Master Universitario en Psicoxerontoloxía

Director - responsable: Onésimo Juncos Rabadán

Membros da SGXX implicados na actividade: Raimundo Mateos, David Facal Mayo

Información sobre a entidade provedora da actividade:

O máster proporciona unha formación especializada a profesionais da psicoloxía para que podan desenvolver un traballo cualificado en avaliación, diagnóstico e intervención, nos diferentes contextos e dispositivos residenciais, ambulatorios ou domiciliarios de atención a persoas maiores. É un máster interuniversitario das universidades de Barcelona, Salamanca, Santiago de Compostela e Valencia.

Tipo de actividade: Título oficial de posgrao

Duración da actividade (en horas): 60 créditos ECTS

Avaliación da actividade en edicións anteriores: Acreditado por ANECA e ACSUG

Obxectivos da actividade Formativa:

Coñecer en profundidade os distintos modelos de avaliación, diagnóstico e intervención no eido da Psicoxerontoloxía, así como as técnicas e procedementos que de eles se derivan.

Planificar e desenvolver o proceso de avaliación psicoxerontolóxica nos diferentes contextos e ámbitos de actuación.

Diseñar, desenvolver, supervisar e avaliar plans e programas de intervención psicoxerontolóxica tendo en conta variables individuais, sociais e institucionais.

Desenvolver habilidades de comunicación interpersonal con persoas maiores, familiares e cuidadores.

Poder traballar en equipo considerando os recursos e a organización dos diferentes sistemas de atención ás persoas maiores.

As saídas profesionais deste máster oriéntase cara a profesión de Psicólogo especialista para traballar en centros e servizos para persoas maiores, como Residencias Xeriatricas, Centros de Día, Centros Comunitarios, Concellos, Centros de Rehabilitación, Unidades de Respiro, Centros de Dependencia, Servizos de Axuda a domicilio, Teleasistencia e exercicio privado da profesión con persoas maiores e/ou as súas familias e cuidadores.

Metodoloxía docente:

O máster impártese de luns a venres de 16:30 a 20:30 horas, cun sistema de docencia presencial e apoio virtual

O cadro docente do máster está formado por un amplo elenco de profesores das universidades participantes, todos eles con unha relevante traxectoria profesional, docente e investigadora.

Centros xerontolóxicos e Centros de día do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, Centros xerontolóxicos de Geriatros; Centros xerontolóxicos de SARquavitae; Residencia Asistida de Maiores de Vigo (Xunta de Galicia); Centros das Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer. Residencia Valle Inclán de Vilagarcía de Arousa. Centro Residencial Serge Lucense de Pobo de S. Xiao (Lugo), etc.

Programa:

O programa organizase para formar aos estudantes en Psicoxerontoloxía teórica e aplicada. Ten unha carga de traballo de 60 créditos a realizar nun curso académico. Hai 24 créditos de materias obrigatorias, 15 de materias optativas, 13 de prácticas externas en centros xerontolóxicos, e 8 do Traballo fin de máster.

Materias obrigatorias (24 ECTS)

- *Avellentamento e desenvolvemento persoal e emocional (3 ECTS)
- *Avellentamento e desenvolvemento social (3 ECTS)
- *Cambios cognitivos no avellentamento normal e patolóxico (3 ECTS)
- *Bases psicobiolóxicas do avellentamento normal e patolóxico (3 ECTS)
- *Avaliación e intervención funcional e cognitiva (3 ECTS)
- *Avaliación e intervención clínica nos trastornos mentais do avellentamento (3 ECTS)
- *Avaliación e intervención neuropsicolóxica en demencia e outros trastornos (3 ECTS)
- *Avaliación e intervención psicosocial e educativa (3 ECTS)

Materias optativas (15 ECTS) a elixir entre as seguintes (todas de 3 ECTS):

- *Competencias en investigación psicoxerontolóxica (ofertada por UB, USAL, USC, UV)
- *Bioética e deontoloxía (ofertada por USC, UB)
- *Intervención en demencias (ofertada por UB, USAL, USC, UV)
- *Metodoloxías cuantitativas e cualitativas na investigación psicoxerontolóxica (ofertada por USAL, UB)
- *Psicoloxía da morte e o dó (ofertada por UB, UV)
- *Nutrición, estilo de vida e saúde no avellentamento (ofertada por USAL, UV)
- *Dirección e xestión de recursos en servizos sociais (ofertada por USAL, UV)
- *Vínculos afectivos e sexualidade no avellentamento (ofertada por UB, UV)
- *Intervención familiar e cuidadores (ofertada por UB, USAL, USC, UV)
- *Participación cívica e programas interxeracionais (ofertada por UB, UV)
- *Comunicación e linguaxe no avellentamento (ofertada por USAL, USC, UV)
- *Avaliación psicofisiolóxica no avellentamento (ofertada por USC)
- *Psicoloxía ambiental e accesibilidade ao contorno (ofertada por UB)
- *Educación permanente e avellentamento (ofertada por USC)

Grupo diana da actividade formativa: Titulados en Psicoloxía.

Páxina web: <http://www.usc.es/masteres/es/masters/ciencias-saude/psicogerontologia>

A CUBRIR POLA XUNTA DIRECTIVA DA SGXX

1) A actividade estará organizada por unha entidade que se xulga con capacidade suficiente para levala a cabo. SÍ NON

2) O profesorado, Técnicos e Profesionais, deberán contar con algún membro da SGXX de alomenos dous anos de antigüidade como Socio. SÍ NON

3) Os obxectivos da actividade formativa son relevantes para a SGXX SÍ NON

4) A metodoloxía proposta axeitase ós obxectivos formativos SÍ NON

5) SGXX ten no seu poder, cunha antelación suficiente, un dossier completo sobre aquelas actividades que se pide avaliar. SÍ NON

AVALIACIÓN: POSITIVA NEGATIVA (Especifíquese)

Caso de avaliación negativa (Razóns):

DATA: